# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

## Centro educativo

| Código | Centro | Concello | Ano académico |
|---|---|---|---|
| 27003151 | IES Lama das Quendas | Chantada | 2023/2024 |

## Área/materia/ámbito

| Ensinanza | Nome da área/materia/ámbito | Curso | Sesións semanais | Sesións anuais |
|---|---|---|---|---|
| Educación secundaria obrigatoria | Xeografía e historia | 1º ESO | 3 | 105 |

| Réxime |
|---|
| Réxime xeral-ordinario |

| Contido | Páxina |
|---|---|
| 1. Introdución | 3 |
| 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias | 5 |
| 3.1. Relación de unidades didácticas | 6 |
| 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas | 7 |
| 4.1. Concrecións metodolóxicas | 24 |
| 4.2. Materiais e recursos didácticos | 27 |
| 5.1. Procedemento para a avaliación inicial | 27 |
| 5.2. Criterios de cualificación e recuperación | 27 |
| 5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes | 30 |
| 6. Medidas de atención á diversidade | 31 |
| 7.1. Concreción dos elementos transversais | 32 |
| 7.2. Actividades complementarias | 33 |
| 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro | 34 |
| 8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora | 35 |
| 9. Outros apartados | 35 |

## 1. Introdución

A materia de Xeografía e Historia contribúe á percepción e á análise dunha realidade cada vez máis diversa e cambiante. A comprensión do seu devir, a través do tempo e do espazo, e a análise do cambio como froito da acción humana implican concibir a aprendizaxe do alumnado como unha invitación ao coñecemento de si mesmo e do mundo que o rodea, á participación e ao compromiso social. Vivir en sociedade, interactuar na contorna e comprender como son as relacións que establecemos e as normas de funcionamento que as rexen resultan esenciais para que o alumnado poida asumir os seus dereitos e responsabilidades, exercitar a cidadanía e orientar o seu comportamento cívico, cuestións estas de especial importancia nunha etapa educativa en que o alumnado adolescente precisa de experiencias formativas que lle permitan construír o seu criterio, a súa identidade e a súa autonomía para desenvolverse na súa contorna social. Esta complexa transición prodúcese da etapa de educación primaria á de educación secundaria obrigatoria e, no noso ámbito, implica poñerse en contacto cunha sociedade complexa que lle formula dilemas e na cal o alumnado debe aprender a tomar decisións informadas. A toma de conciencia dos desafíos a que nos enfrontamos na actualidade, así como a valoración crítica das respostas que, ao longo da historia, se lles deron aos retos e problemas que se foron sucedendo, dispoñen a mocidade en situación de actuar xa no presente para garantir a sustentabilidade do planeta e o benestar da humanidade no futuro.
Aínda que se vincula e continúa co proceso de desenvolvemento competencial da área de Ciencias Sociais da educación primaria, a atención particular que se concede agora tanto á Xeografía como á Historia queda xustificada polo seu acusado carácter comprensivo, global e integrador e pola súa conexión con outras ciencias sociais, o que permite contribuír ao logro dos obxectivos e competencias que marcan o perfil de saída do alumnado ao termo do ensino básico. Os obxectivos da materia confírenlle un perfil pertinente no desenvolvemento de dimensións fundamentais da aprendizaxe, como son o traballo sobre a información e as súas fontes a través de recursos variados, incluídos os dixitais; a contextualización das aprendizaxes na contorna local e global; o interese polos obxectivos de desenvolvemento sustentable; o exercicio da solidariedade e a cohesión social; o respecto á diversidade cultural e ás diferentes identidades; o afrontar a convivencia e os conflitos empregando o xuízo ético baseado en valores e prácticas democráticas; a valoración e conservación do patrimonio; a defensa da igualdade real entre mulleres e homes, así como a loita contra calquera tipo de discriminación. Para iso hai que combinar as ferramentas e estratexias propias dos métodos de estudo de cada unha destas dúas disciplinas –o pensamento xeográfico e o histórico– coa capacidade crítica e de concienciación. O pensamento xeográfico enténdese como un conxunto de habilidades para analizar, comprender, transformar e producir novas formas de coñecemento espacial ao redor de conceptos como proximidade, conexión, localización ou distribución espacial, utilizando a escala adecuada en cada caso, desde o local ao global. E é que entender as razóns que configuran o territorio e as paisaxes permite considerar alternativas e, polo tanto, outorga a posibilidade de actuar para construír espazos que favorezan a xustiza social, o equilibrio ambiental e a cidadanía global. Isto require a aplicación de procedementos de análise xeográfica; establecer relacións causais entre diversas variables que explican a complexidade dos fenómenos sociais no espazo; propoñer hipóteses explicativas, e comunicar resultados dunha procura sinxela utilizando as técnicas de representación do espazo e o vocabulario xeográfico. O pensamento histórico defínese como o proceso levado a cabo para interpretar as fontes do pasado e xerar as narrativas históricas a través da reflexión sobre a súa relevancia, a análise de fontes, a discusión sobre as causas e consecuencias dos acontecementos, así como a análise dos cambios e continuidades entre estes, desde unha perspectiva temporal e contextualizada, e con relación a determinados criterios éticos e cívicos. Pero a Xeografía e a Historia non só abordan o pasado, senón tamén o presente e o futuro nun dobre plano: os estudantes deben comprender a súa realidade inmediata a partir dos coñecementos do pasado para tomar decisións futuras sen prexuízos, como cidadáns autónomos e coherentes. E nun segundo plano, a Xeografía e a Historia permiten explicar e entender o presente como un proceso inacabado (eliminando posturas teleolóxicas) sobre o cal é posible actuar desde unha perspectiva científica, para modelar o futuro.
Tanto nos obxectivos como nos criterios de avaliación e nos contidos queda reflectida a visión funcional e activa das aprendizaxes propias da materia. A avaliación dos obxectivos realízase a través dos criterios de avaliación, que miden tanto os resultados como os procesos dunha maneira aberta, flexible e interconectada dentro do currículo. Establécense certas etapas históricas e determinados ámbitos temáticos nos distintos cursos, pero a progresión de contidos está condicionada principalmente pola complexidade dos procesos que se poñen en acción e a madurez persoal e cívica do alumnado, acorde co seu desenvolvemento e capacidades. É precisamente esta multidimensionalidade da avaliación, que relaciona a adquisición de coñecementos, o desenvolvemento e a posta en acción de destrezas e procesos, así como o exercicio e incorporación de actitudes, valores e compromisos, a que debe facer dos criterios a guía das intencións e das estratexias educativas. Porque todas estas facetas formativas deben verse comprometidas nas iniciativas e aprendizaxe do alumnado con base nunha consideración integral da súa formación. Hai, polo tanto, un avance na óptica curricular que profunda na substitución da acumulación enumerativa enciclopedista baseada na memorización de datos polo afondamento do coñecemento, a aplicación práctica da

aprendizaxe e o desenvolvemento de competencias que permitan avaliar o alumnado desde unha perspectiva multifocal. A aplicación dunhas metodoloxías máis activas contribuirá a que o alumnado mostre e potencie todas as súas capacidades, o que fomentará máis a súa motivación e predisposición á aprendizaxe.

Neste sentido, os criterios de avaliación e os contidos, estruturados por cursos e en tres bloques, son concibidos como unha meta e non só como unha base da cal partir, situando no alumnado o protagonismo na súa construción para dotalos de significado e comprender con eles o mundo en que vive. Trátase de non incorrer en enfoques exclusivamente academicistas na presentación e organización dos contidos, tradicionalmente dispostos en campos disciplinares estancos, excesivamente concretos, pechados en ámbitos temáticos e a través de secuencias diacrónicas sucesivas, promovendo unha perspectiva máis aberta e flexible, na cal as dimensións do espazo e do tempo poidan ser interpretadas e desenvolvidas ao longo de todos os cursos, permitindo combinar a xeografía e a historia e conectar os seus métodos e campos de estudo.

O primeiro dos bloques, «Retos do mundo actual», contribúe a que en todos os cursos se preste especial atención aos desafíos e problemas do presente e da contorna local e global, e está destinado a espertar no alumnado unha mirada crítica e responsable. Tamén a incidir no desenvolvemento de procesos de aprendizaxe relacionados coa sociedade da información e do coñecemento, que exixen unha constante actualización e posta ao día, así como a dispoñer das destrezas e actitudes necesarias para actuar adecuadamente nas plataformas dixitais e redes de comunicación. Con este enfoque, baseado en problemas sociais relevantes, preténdese espertar no alumnado a conciencia histórica sobre problemas, conflitos e incertezas actuais, complementando as visións xeográfica e histórica da sociedade a través da súa dinámica e evolución no tempo. Perséguese que os xuízos propios e a capacidade de diálogo e de debate estean fundamentados e argumentados, previndo a desinformación, a falta de criterio e as actitudes intolerantes, e contribuíndo a que o alumnado sexa capaz de formular solucións ao presente para o futuro.

O bloque de «Sociedades e territorios» está orientado á aplicación de estratexias e métodos das ciencias sociais e, en concreto, dos procedementos e das técnicas que achegan a xeografía e a historia, a través de metodoloxías como poden ser o traballo por proxectos, o desenvolvemento de experiencias de investigación e outras propostas baseadas na indución e na experimentación. Os contidos deste bloque están organizados arredor das grandes cuestións que preocupan a humanidade e que contribúen a explicar a orixe e a evolución das sociedades ao longo do tempo e do espazo. Tales cuestións preséntanse, de maneira transversal, a través das distintas etapas históricas, desde a Prehistoria ata a Idade Moderna nos dous primeiros cursos, e no mundo contemporáneo en terceiro e cuarto, contribuíndo en todos os casos á comprensión xeral de permanencias e cambios, e contextualizando e mostrando, de ser o caso, a conexión co presente dos fenómenos analizados.

O terceiro bloque de obxectivos, «Compromiso cívico local e global», subliña a importancia deste compoñente, que integra, ademais de valores e actitudes (tolerancia, respecto, compromiso...), outros ámbitos asociados ao desenvolvemento persoal do alumnado, como poden ser o sentido da responsabilidade, o desenvolvemento do espírito crítico, a capacidade para crear unha opinión propia ou o sentirse parte activa do devir da sociedade. Estas dimensións son fundamentais para a formación integral, tanto polo sentido que lle outorga ao resto dos saberes, aos cales complementa e lles dá significado, como pola súa proxección social e cidadá.

En cada un dos catro cursos cada bloque divídese, pola súa vez, en epígrafes con aspectos xenéricos clave. Tales bloques non son nin homoxéneos nin equilibrados, polo que non é preciso que se correspondan de forma directa con cada unha das avaliacións do curso ordinario, á vez que permiten subdivisións ou alteracións internas.

A proposta pretende darlles a liberdade suficiente a cada departamento e ao seu profesorado, para a organización destes contidos, a súa programación, secuenciación, parcelación e enfoque. Isto inclúe a posibilidade de realizar un percorrido cronolóxico –diacrónico ou invertido– ou transversal, dentro dos aspectos tratados en cada curso –enténdase referido tamén á metodoloxía e ás estratexias específicas–, en función dos obxectivos e das situacións de aprendizaxe propostas, incidindo na contextualización histórica e xeográfica cun enfoque multicausal e desde a perspectiva do estudo comparado. En calquera caso, a atención á individualidade e á diversidade do alumnado, aos seus intereses e aptitudes, ha de permitir a necesaria diversificación dos itinerarios de aprendizaxe, así como a aplicación de criterios de flexibilidade que permitan poñer en acción propostas e iniciativas educativas que favorezan a inclusión.

Doutra banda, o papel vertebrador de procesos e contidos diversos, que incorpora campos temáticos, recursos e procedementos de diferentes áreas de coñecemento, facilita a formulación de estratexias interdisciplinares ao longo dos catro cursos da etapa. A capacidade de contextualizar as aprendizaxes e conectalas con problemas actuais e retos do presente, desde unha perspectiva interpretativa do tempo e comprensiva do espazo, permite dotalas de funcionalidade, interese e utilidade para o alumnado, así como crear escenarios diversos en que desenvolver iniciativas e proxectos en situacións reais que propicien a participación e o compromiso coa contorna e coa comunidade.

## 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

| Obxectivos | CCL | CP | STEM | CD | CPSAA | CC | CE | CCEC |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| OBX1 - Buscar, seleccionar, tratar e organizar información sobre temas relevantes do presente e do pasado, usando criticamente fontes históricas e xeográficas, para adquirir coñecementos, elaborar e expresar contidos en varios formatos. | 2-3 | | 4 | 1-2 | | 1 | | |
| OBX2 - Indagar, argumentar e elaborar produtos propios sobre problemas xeográficos, históricos e sociais que resulten relevantes na actualidade, desde o local ao global, para desenvolver un pensamento crítico, respectuoso coas diferenzas, que contribúa á construción da propia identidade e a enriquecer o acervo común. | 1-2 | | | 2 | | 1-3 | 3 | 3 |
| OBX3 - Coñecer os principais desafíos aos que se enfrontaron distintas sociedades ao longo do tempo, identificando as causas e consecuencias dos cambios producidos e os problemas aos que se enfrontan na actualidade, mediante o desenvolvemento de proxectos de investigación e o uso de fontes fiables, para realizar propostas que contribúan ao desenvolvemento sustentable. | | | 3-4-5 | | 3 | 3-4 | 1 | 1 |
| OBX4 - Identificar e analizar os elementos da paisaxe e a súa articulación en sistemas complexos naturais, rurais e urbanos, así como a súa evolución no tempo, interpretando as causas das transformacións e valorando o grao de equilibrio existente nos distintos ecosistemas, para promover a súa conservación, mellora e uso sustentable. | | | | | 2 | 1-2-3-4 | 1 | |
| OBX5 - Analizar de forma crítica formulacións históricas e xeográficas explicando a construción dos sistemas democráticos e os principios constitucionais que rexen a vida en comunidade, así como asumindo os deberes e dereitos propios do noso marco de convivencia, para promover a participación cidadá e a cohesión social. | 5 | | | | | 1-2 | | 1 |
| OBX6 - Comprender os procesos xeográficos, históricos e culturais que conformaron a realidade multicultural na que vivimos, coñecendo e difundindo a historia e a cultura das minorías étnicas presentes no noso país, e valorando a achega dos movementos en defensa da igualdade e a inclusión, para reducir estereotipos, evitar calquera tipo de discriminación e violencia, e recoñecer a riqueza da diversidade. | 5 | | | | 3 | 1-2-3 | | 1 |

| Obxectivos | CCL | CP | STEM | CD | CPSAA | CC | CE | CCEC |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| OBX7 - Identificar os fundamentos que sosteñen as diversas identidades propias e as alleas, a través do coñecemento e posta en valor do patrimonio material e inmaterial que compartimos para conservalo e respectar os sentimentos de pertenza, así como para favorecer procesos que contribúan á cohesión e solidariedade territorial no tocante aos valores do europeísmo e da Declaración Universal dos Dereitos Humanos. | | 3 | | | 1 | 1-2-3 | | 1 |
| OBX8 - Tomar conciencia do papel dos ciclos demográficos, o ciclo vital, as formas de vida e as relacións interxeracionais e de dependencia na sociedade actual e a súa evolución ao longo do tempo, analizándoas de forma crítica, para promover alternativas saudables, sustentables, enriquecedoras e respectuosas coa dignidade humana e o compromiso coa sociedade e a contorna. | | | 5 | 4 | 2-5 | 1-2-3 | | |
| OBX9 - Coñecer e valorar a importancia da seguridade integral cidadá na cultura de convivencia nacional e internacional, recoñecendo a contribución do Estado, as súas institucións e outras entidades sociais á cidadanía global, á paz, á cooperación internacional e ao desenvolvemento sustentable, para promover a consecución dun mundo máis seguro, solidario, sustentable e xusto. | 2 | | | | | 1-2-3-4 | 1 | 1 |

**Descrición:**

### 3.1. Relación de unidades didácticas

| UD | Título | Descrición | % Peso materia | Nº sesións | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 1 | Un punto azul no espazo | Unidade secuencial que se centra do estudo da representación e localización espacial. | 10 | 10 | X | | |
| 2 | Aínda estamos a tempo? | Abordaremos conceptos fundamentais en relación ao tempo e o clima, así como o estudo do cambio climático (unidade secuencial). | 10 | 10 | X | | |
| 3 | Carta para Jane Goodal | O obxectivo fundamental de estudo é a perda da biodiversidade, intentando concienciar ao alumnado desta problemática (unidade secuencial). | 10 | 10 | X | | |

| UD | Título | Descrición | % Peso materia | Nº sesións | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 4 | A grandes males, grandes remedios! | Aquí estamos especialmente interesados nos Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable (ODS) (unidade secuencial). | 10 | 5 | | X | |
| 5 | Por que sen a adolescencia non existirían seres humanos? | Nesta unidade secuencial imos introducirnos no estudo da evolución humana, a partir dos procesos de hominización e humanización. | 10 | 10 | | X | |
| 6 | Deuses, tumbas, sabios e guerreiros | Centrámonos na aparición e desenvolvemento das grandes civilizacións de Mesopotamia e Exipto (unidade secuencial). | 10 | 10 | | X | |
| 7 | Aprende a pensar, para logo dominar (a civilización grecolatina) | Occidente non existiría sen as grandes civilizacións grega e romana, polo que é evidente a necesidade de afondar nelas (unidade secuencial). | 10 | 10 | | | X |
| 8 | Arte é o que resiste | Unidade secuencial orientada ao descubrimento, coñecemento e goce da Arte. | 10 | 10 | | | X |
| 9 | Depende de ti (compromiso cívico e global) | Unidade transversal para concienciar respecto aso conceptos básicos en relación coa cidadanía e o respecto ao outro. Unha parte da mesma vaise impartir ao mesmo tempo ca outras unidades secuenciais, mais tamén terá un espazo propio, só para ela, a modo de recapitulación e ao final do curso. | 5 | 8 | X | | X |
| 10 | Da vila á ribeira (patrimonio natural, cultural e valoración da contorna) | Unidade transversal que imos traballar en paralelo ao desenvolvemento doutros contidos, actividades e unidades secuenciais. | 5 | 10 | X | X | X |
| 11 | Fake stories (tratamento crítico da información) | Unidade transversal que imos traballar en paralelo ao desenvolvemento doutros contidos, actividades e unidades secuenciais. | 5 | 8 | X | X | X |
| 12 | A caixa das ferramentas (métodos e técnicas en Ciencias Sociais) | Unidade transversal que imos traballar en paralelo ao desenvolvemento doutros contidos, actividades e unidades secuenciais. | 5 | 4 | X | X | X |

### 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

| UD | Título da UD | Duración |
|---|---|---|
| 1 | Un punto azul no espazo | 10 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA1.3 - Incorporar e utilizar adecuadamente termos, conceptos e acontecementos relacionados coa xeografía, a historia e outras disciplinas das ciencias sociais, a través de intervencións orais, textos escritos e outros produtos, mostrando formulacións orixinais e propostas creativas. | Comprender os conceptos básicos relacionados coa localización e representación do espazo | PE | 60 |
| CA1.6 - Representar adecuadamente información xeográfica a través de diversas formas de representación gráfica, cartográfica e visual. | Localizar puntos no espazo a través do sistema de coordenadas e manexar diferentes tipos de mapas e programas informáticos relacionados co coñecemento xeográfico s | | |
| CA1.7 - Interpretar a contorna desde unha perspectiva sistémica e integradora, a través do concepto de paisaxe, identificando os seus principais elementos e as interrelacións existentes. | Identificar diferentes formas de relevo e paisaxes en imaxes | | |
| CA1.1 - Elaborar, expresar e presentar contidos propios en forma de esquemas, táboas informativas e outros tipos de formato mediante o desenvolvemento de estratexias de procura, selección e tratamento de información relativas a procesos e acontecementos relevantes do presente e do pasado. | Realizar un mapa conceptual sobre os contidos básicos da unidade | TI | 40 |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| - Localización espacial: representación do espazo, orientación e escalas. Utilización de recursos dixitais e interpretación e elaboración de mapas, esquemas, imaxes e representacións gráficas. Tecnoloxías da información xeográfica (TIX).<br>- Tecnoloxías da información. Manexo e utilización de dispositivos, aplicacións informáticas e plataformas dixitais. Procura, tratamento da información e elaboración de coñecemento. Uso seguro das redes de comunicación. Lectura crítica de información. |

| UD | Título da UD | Duración |
|---|---|---|
| 2 | Aínda estamos a tempo? | 10 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA1.2 - Identificar, valorar e mostrar interese polos principais problemas que lle afectan á sociedade, adoptando unha posición crítica e proactiva cara a eles. | Ser consciente dos problemas relacionados co cambio climático. | PE | 60 |
| CA1.3 - Incorporar e utilizar adecuadamente termos, conceptos e acontecementos relacionados coa xeografía, a historia e outras disciplinas das ciencias sociais, a través de intervencións orais, textos escritos e outros produtos, mostrando formulacións orixinais e propostas creativas. | Comprender os conceptos básicos relacionados co tempo, o clima e o cambio climático | | |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA1.5 - Identificar os principais problemas, retos e desafíos aos que se enfrontou a humanidade ao longo da historia, os cambios producidos, as súas causas e consecuencias, así como os que, na actualidade, debemos formular e resolver arredor dos Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable. | Ser consciente dos problemas relacionados co cambio climático. | | |
| CA2.3 - Argumentar de forma crítica sobre problemas de actualidade a través de coñecementos históricos, contrastando e valorando fontes diversas. | Argumentar, atendendo ás relacións causa- efecto, sobre problemas relacionados co cambio climático. | | |
| CA3.1 - Identificar, valorar e mostrar interese polos principais problemas que lle afectan á sociedade, adoptando unha posición crítica e proactiva cara a eles. | Ser consciente dos problemas relacionados co cambio climático. | | |
| CA3.2 - Elaborar xuízos argumentados, respectando as opinións dos demais e enriquecendo o acervo común no contexto do mundo actual, dos seus retos e conflitos, e desde unha perspectiva sistémica e global, a través da elaboración de xuízos propios, críticos e argumentados, e o respecto ás opinións dos demais. | Elaborar xuízos argumentados en relación cos problemas abordados na unidade. | | |
| CA1.1 - Elaborar, expresar e presentar contidos propios en forma de esquemas, táboas informativas e outros tipos de formato mediante o desenvolvemento de estratexias de procura, selección e tratamento de información relativas a procesos e acontecementos relevantes do presente e do pasado. | Realizar un mapa conceptual sobre os contidos básicos da unidade. | TI | 40 |
| CA1.4 - Adquirir e construír coñecemento relevante do mundo actual e da historia, a través de procesos indutivos, da investigación e do traballo por proxectos, retos ou problemas, mediante a elaboración de produtos que reflictan a comprensión dos fenómenos e problemas abordados. | Realizar un pequeno proxecto de investigación relacionado cos contidos da unidade. | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| - Emerxencia climática: elementos e factores que condicionan o clima e o impacto das actividades humanas. Métodos de recollida de datos meteorolóxicos e interpretación de gráficos. Riscos e catástrofes climáticas no presente, no pasado e no futuro. Vulnerabilidade, prevención e resiliencia da poboación ante as catástrofes naturais e os efectos do cambio climático.<br>- Métodos básicos de investigación para a construción do coñecemento da Xeografía e a Historia. Metodoloxías do pensamento xeográfico e do pensamento histórico.<br>- Conciencia ambiental. Respecto, protección e coidado dos seres vivos e do planeta. |

| UD | Título da UD | Duración |
|---|---|---|
| 3 | Carta para Jane Goodal | 10 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA1.2 - Identificar, valorar e mostrar interese polos principais problemas que lle afectan á sociedade, adoptando unha posición crítica e proactiva cara a eles. | Ser consciente da necesidade da construción e revisión constante do coñecemento xeográfico. | PE | 60 |
| CA1.5 - Identificar os principais problemas, retos e desafíos aos que se enfrontou a humanidade ao longo da historia, os cambios producidos, as súas causas e consecuencias, así como os que, na actualidade, debemos formular e resolver arredor dos Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable. | Coñecer as características fundamentais do proceso de perda de biodiversidade. | | |
| CA3.1 - Identificar, valorar e mostrar interese polos principais problemas que lle afectan á sociedade, adoptando unha posición crítica e proactiva cara a eles. | Identificar os mecanismos básicos en relación coa destrución dos ecosistemas. | | |
| CA1.1 - Elaborar, expresar e presentar contidos propios en forma de esquemas, táboas informativas e outros tipos de formato mediante o desenvolvemento de estratexias de procura, selección e tratamento de información relativas a procesos e acontecementos relevantes do presente e do pasado. | Realizar un mapa conceptual sobre os contidos básicos da unidade. | TI | 40 |
| CA1.4 - Adquirir e construír coñecemento relevante do mundo actual e da historia, a través de procesos indutivos, da investigación e do traballo por proxectos, retos ou problemas, mediante a elaboración de produtos que reflictan a comprensión dos fenómenos e problemas abordados. | Realizar un pequeno proxecto relacionado cos contidos da unidade. | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| - Biodiversidade. Dinámicas e ameazas dos ecosistemas planetarios. Formas e procesos de modificación da superficie terrestre. A influencia humana na alteración dos ecosistemas no pasado e na actualidade. Conservación e mellora da contorna local e global. Riqueza e valor patrimonial de España e Galicia.<br>- Conciencia ambiental. Respecto, protección e coidado dos seres vivos e do planeta. |

| UD | Título da UD | Duración |
|---|---|---|
| 4 | A grandes males, grandes remedios! | 5 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA1.5 - Identificar os principais problemas, retos e desafíos aos que se enfrontou a humanidade ao longo da historia, os cambios producidos, as súas causas e consecuencias, así como os que, na actualidade, debemos formular e resolver arredor dos Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable. | Coñecer e valorar os Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable. | PE | 60 |
| CA1.8 - Contribuír á consecución dun mundo máis seguro, xusto, solidario e sustentable, a través da análise dos principais conflitos do presente e o recoñecemento das institucións do Estado, e das asociacións civís que garanten a seguridade integral e a convivencia social, así como dos compromisos internacionais do noso país en favor da paz, a seguridade, a cooperación, a sustentabilidade, os valores democráticos e os Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable. | Coñecer e valorar os Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable. | | |
| CA3.1 - Identificar, valorar e mostrar interese polos principais problemas que lle afectan á sociedade, adoptando unha posición crítica e proactiva cara a eles. | Coñecer e valorar os Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable. | | |
| CA3.2 - Elaborar xuízos argumentados, respectando as opinións dos demais e enriquecendo o acervo común no contexto do mundo actual, dos seus retos e conflitos, e desde unha perspectiva sistémica e global, a través da elaboración de xuízos propios, críticos e argumentados, e o respecto ás opinións dos demais. | Elaborar xuízos argumentados sobre os contidos básicos da unidade. | | |
| CA1.2 - Identificar, valorar e mostrar interese polos principais problemas que lle afectan á sociedade, adoptando unha posición crítica e proactiva cara a eles. | Ser consciente da necesidade de evitar as consecuencias negativas da acción humana sobre o medio. | TI | 40 |
| CA3.8 - Relacionar os cambios nos estilos de vida tradicional e contrastalos cos que son saudables e sustentables na contorna, a través de comportamentos respectuosos coa propia saúde, coa dos demais e cos outros seres vivos, tomando conciencia da importancia de promover o propio desenvolvemento persoal. | Coñecer e valorar os Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable. | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| - Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable. A visión dos dilemas do mundo actual, punto de partida para o pensamento crítico e o desenvolvemento de xuízos propios.<br>- Conciencia ambiental. Respecto, protección e coidado dos seres vivos e do planeta. |

| UD | Título da UD | Duración |
|---|---|---|
| 5 | Por que sen a adolescencia non existirían seres humanos? | 10 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA1.3 - Incorporar e utilizar adecuadamente termos, conceptos e acontecementos relacionados coa xeografía, a historia e outras disciplinas das ciencias sociais, a través de intervencións orais, textos escritos e outros produtos, mostrando formulacións orixinais e propostas creativas. | Comprender e utilizar correctamente os conceptos básicos relacionados coa unidade. | PE | 60 |
| CA1.5 - Identificar os principais problemas, retos e desafíos aos que se enfrontou a humanidade ao longo da historia, os cambios producidos, as súas causas e consecuencias, así como os que, na actualidade, debemos formular e resolver arredor dos Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable. | Recoñecer as dificultades que tivo que afrontar a Humanidade no proceso de evolución | | |
| CA2.2 - Contrastar e argumentar sobre temas e acontecementos da Prehistoria e a Idade Antiga, localizando e analizando de forma crítica fontes primarias e secundarias como probas históricas. | Coñecer a natureza das fontes históricas e argumentar correctamente utilizándoas. | | |
| CA2.5 - Representar adecuadamente información histórica a través de diversas formas de representación gráfica, cartográfica e visual. | Interpretar feitos históricos a través da representación en mapas. | | |
| CA2.6 - Identificar, interpretar e analizar os mecanismos que regularon a convivencia e a vida en común ao longo da historia, desde a orixe da sociedade ás distintas civilizacións que se foron sucedendo, sinalando os principais modelos de organización social, política, económica e relixiosa que se foron xestando. | Coñecer as características básicas da organización económica, social e cultural na Prehistoria. | | |
| CA3.6 - Argumentar e intervir sobre a igualdade real de homes e mulleres actuando en contra de calquera actitude e comportamento discriminatorio por razón de xénero. | Coñecer a situación da muller na Prehistoria. | | |
| CA1.4 - Adquirir e construír coñecemento relevante do mundo actual e da historia, a través de procesos indutivos, da investigación e do traballo por proxectos, retos ou problemas, mediante a elaboración de produtos que reflictan a comprensión dos fenómenos e problemas abordados. | Realizar un pequeno proxecto relacionado cos contidos da unidade. | TI | 40 |
| CA2.1 - Elaborar, expresar e presentar contidos propios en forma de esquemas, táboas informativas e outros tipos de formato mediante o desenvolvemento de estratexias de procura, selección e tratamento de información relativas a procesos e acontecementos relevantes do presente e do pasado. | Realizar un pequeno proxecto relacionado cos contidos da unidade. | | |
| CA3.7 - Valorar, protexer e conservar o patrimonio artístico, histórico e cultural como fundamento da identidade colectiva local, autonómica, nacional, europea e universal, considerándoo un ben para o gozo recreativo e cultural e un recurso para o desenvolvemento dos pobos. | Tomar conciencia da importancia da protección do patrimonio cultural. | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|

| Contidos |
|---|
| - Tecnoloxías da información. Manexo e utilización de dispositivos, aplicacións informáticas e plataformas dixitais. Procura, tratamento da información e elaboración de coñecemento. Uso seguro das redes de comunicación. Lectura crítica de información.<br>- Métodos básicos de investigación para a construción do coñecemento da Xeografía e a Historia. Metodoloxías do pensamento xeográfico e do pensamento histórico.<br>- As fontes históricas e arqueolóxicas como base para a construción do coñecemento histórico. Obxectos e artefactos como fonte para a historia e o legado material. O significado dos arquivos, bibliotecas e museos e do legado histórico e cultural como patrimonio colectivo.<br>- Análise interdisciplinar da orixe do ser humano e do nacemento da sociedade. Grandes migracións humanas e o nacemento das primeiras culturas.<br>- As persoas invisibilizadas da historia: mulleres, escravos e estranxeiros. Marxinación, segregación, control e submisión na historia da humanidade. Personaxes femininos na historia. A resistencia á opresión.<br>- A transformación humana do territorio e a distribución desigual dos recursos e do traballo. Evolución dos sistemas económicos, dos ciclos demográficos, dos modos de vida e dos modelos de organización social. A loita pola supervivencia e o status social na Prehistoria e na Antigüidade.<br>- Alteridade: respecto e aceptación «do outro». Comportamentos non discriminatorios e contrarios a calquera actitude diferenciadora e segregadora.<br>- Igualdade de xénero. Manifestacións e condutas non sexistas.<br>- Conservación e defensa do patrimonio histórico, artístico e cultural. |

| UD | Título da UD | Duración |
|---|---|---|
| 6 | Deuses, tumbas, sabios e guerreiros | 10 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA2.2 - Contrastar e argumentar sobre temas e acontecementos da Prehistoria e a Idade Antiga, localizando e analizando de forma crítica fontes primarias e secundarias como probas históricas. | Comprender as diferenzas entre as fontes históricas, utilizándoas con corrección. | PE | 60 |
| CA2.6 - Identificar, interpretar e analizar os mecanismos que regularon a convivencia e a vida en común ao longo da historia, desde a orixe da sociedade ás distintas civilizacións que se foron sucedendo, sinalando os principais modelos de organización social, política, económica e relixiosa que se foron xestando. | Coñecer as características fundamentais da organización económica, social, política e cultural dos grandes imperios. | | |
| CA2.7 - Situar o nacemento e desenvolvemento de distintas civilizacións e situalas no espazo e no tempo, integrando os elementos históricos, culturais, institucionais e relixiosos que as conformaron, explicando a realidade multicultural xerada ao longo do tempo e identificando as súas achegas máis relevantes á cultura universal. | Coñecer as características fundamentais da organización económica, social, política e cultural dos grandes imperios. | | |
| CA3.6 - Argumentar e intervir sobre a igualdade real de homes e mulleres actuando en contra de calquera actitude e comportamento discriminatorio por razón de xénero. | Sensibilizarse coa inxustiza que supón a desigualdade de xénero. | | |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
- Motivación e funcionalidade das aprendizaxes: a través do deseño de actividades que resulten suxestivas e

motivadoras, e co obxectivo de que o alumno ou alumna interiorice os contidos e procedementos a partir dunha aplicación práctica do saber. Os novos contidos han de ser, ademais, funcionais; é dicir, han de servir para algo, desde a adquisición de novas aprendizaxes ata para a vida de cada un.
- Fomento da autonomía persoal: a creación dun método de estudo adecuado é esencial nos primeiros cursos da ESO, polo que se fará énfase en que o alumno ou a alumna, ademais de adquirir os contidos curriculares da materia, desenvolva unha actitude de responsabilidade cara ao proceso de ensino-aprendizaxe, aprendendo a desenvolver estratexias de planificación e resolución de tarefas de forma autónoma e mellorando a súa capacidade de autorregulación da aprendizaxe.
- Promoción dun clima de tolerancia e cooperación: a aprendizaxe baseada na interacción entre os alumnos e alumnas e entre estes e o profesor/a facilita a formación de persoas reflexivas, autónomas e críticas a través do diálogo e a discusión. Ademais, asegurar un bo clima de grupo convértese nun principio especialmente importante por tratarse de alumnado que se incorpora ao primeiro curso no centro, polo que debe asegurarse unha adecuada transición para facilitar a continuidade do seu proceso educativo.

Estratexias metodolóxicas
Seguindo unha concepción integral do proceso de ensino-aprendizaxe, esta proposta está pensada como unha combinación de distintos enfoques metodolóxicos, o que facilita ademais atender á diversidade do alumnado e garantir o desenvolvemento de todos os alumnos e alumnas. En primeiro lugar, traballarase unha metodoloxía descritiva que pon énfase nos conceptos básicos da materia e na relación entre as ideas principais asociadas a cada contido a través da explicación teórica. Ademais, propoñeranse actividades que incidan na aplicación práctica dos novos coñecementos e que promovan, por tanto, pasar do saber ao saber facer. Atenderase tamén aos coñecementos previos, de forma que o alumnado poida establecer relacións entre estes e as novas aprendizaxes e a través de estratexias de contraste, conflito ou afondamento. Neste sentido, cobran relevancia tamén actividades nas que se advirtan as interrelacións existentes entre os contidos dentro da área de Xeografía e Historia, pero tamén con respecto a outros ámbitos.
Outra das cuestións metodolóxicas importantes será a relevancia que se lle dá ao uso de fontes e ao contraste de datos para validar ou refutar asuncións sobre os procesos sociais. Este tipo de actividades tentan que o alumno ou alumna alcance unha certa comprensión de como se produce coñecemento científico e se familiarice cos métodos propios da Xeografía e a Historia.
Ademais, destacamos outras estratexias metodolóxicas que, a pesar de ter unha serie de características específicas, converxen na focalización cara á formación dunha cidadanía activa e creativa, que saiba traballar a partir da problematización, a discusión e a colaboración e que entenda como relacionar os contidos coas súas vidas cotiás. En primeiro lugar, a aprendizaxe baseada en proxectos (ABP), co que o alumnado deberá presentar un produto final froito de tarefas previas, e que se concreta neste curso en actividades como a elaboración de pósteres e outros tipos de documentos, como carteis ou documentos audiovisuais. Ademais, unha gran parte dos proxectos desenvolveranse a través do traballo cooperativo en pequenos grupos. Esta aprendizaxe, que "ten a súa orixe no construtivismo social [...], parte de que o saber é algo que se produce socialmente por consenso entre compañeiros" (Barkley, Cros e Major, 2007, p. 19), non se asegura coa simple disposición en grupos de traballo, senón que debe haber algúns elementos esenciais para que se produza unha aprendizaxe cooperativa satisfactoria: interdependencia positiva, de forma que o éxito individual vaia unido ao grupal, responsabilidade social e de grupo, axuda e apoio mutuo dos seus membros ou desenvolvemento de competencias de traballo en equipo (Barkley, Cros e Major, 2007; Luque, 2011). O traballo cooperativo reivindícase tamén como unha ferramenta esencial na formación dunha cidadanía do século XXI que poida afrontar os distintos retos do noso tempo: unha interdependencia global cada vez máis acusada que require constante colaboración e comprensión dos beneficios da diversidade, o desenvolvemento de capacidades de emprendemento e creatividade ou os cambios nas relacións interpersoais pola aparición das novas redes sociais dixitais (Johnson e Johnson, 2014. pp.840-842). Nestas actividades, o rol da docente pasa a ser o de observador(a) e mediador(a) no funcionamento dos grupos.
Outro dos piares metodolóxicos para este curso será o da educación para o desenvolvemento sostible (EDS), definida pola UNESCO como aquela que "proporciona aos educandos de todas as idades os coñecementos, as competencias, as actitudes e os valores necesarios para superar os desafíos mundiais interrelacionados aos que debemos facer fronte, fundamentalmente o cambio climático, a degradación ambiental, a perda de biodiversidade, a pobreza e as desigualdades". Neste sentido, os contidos ligados á área da Xeografía, que abarcan o coñecemento do medio físico mundial e continental, serán frecuentemente traballados desde a perspectiva ambiental, e fomentarase a consecución de obxectivos que incidan na valoración da biodiversidade, a comprensión do ser humano como parte integrante da natureza ou o respecto ao contexto natural e cultural tanto local como global. Desde o ensino da historia tamén se subliñará a evolución nas relacións entre o ser humano e o medio, salientando a comprensión da nosa capacidade de modificar o mundo que nos rodea como unha das características básicas que nos fan humanos.
Por último, a incorporación das TIC na aula será unha realidade ao longo de todo o curso. Tendo en conta que "non debe ser a tecnoloxía dispoñible o factor que determine os modelos, procedementos ou estratexias didácticas" (Díaz

Vivas, 2011, p.89), o profesor/a valerase das TIC para apoiar e mellorar a súa docencia e para facilitar os procesos de ensino-aprendizaxe, pero cuns fundamentos pedagóxicos sólidos detrás. As TIC serán utilizadas tanto polo profesor/a como polo alumnado, e servirán de apoio nas exposicións teóricas e no desenvolvemento de actividades individuais ou grupais, enmarcadas ou non na aprendizaxe por proxectos. Ademais, toma especial relevancia o seu uso no coñecemento do patrimonio artístico, histórico e cultural, recorrendo a reconstrucións dixitais que achegan distintas realidades ao alumno ou alumna, e tentando espertar a súa motivación e interese.

Tipos de actividades
De acordo coa metodoloxía antes exposta, propóñense os seguintes tipos de actividades. Todas están formuladas en función dos elementos curriculares (competencias, contidos e criterios de avaliación), e os obxectivos de aprendizaxe da materia.
- Actividades de introdución: son as realizadas ao comezo das UU.DD, que permitirán detectar os coñecementos previos do alumnado e establecer unha conexión entre unha UD e a anterior. Algunhas actividades deste tipo son: choivas de ideas, nas que, tras introducir sucintamente a UD, poñeranse en común diferentes ideas sobre o tema; cuestionarios orais, con preguntas significativas sobre determinados aspectos do tema para detectar coñecementos previos; ou breves comentarios colectivos de fragmentos audiovisuais ou textuais, que servirán como toma de contacto cos contidos e buscarán espertar a motivación dos estudantes ante a UD.
- Actividades expositivas: antes de poder afondar nos contidos de cada UD é esencial un primeiro contacto no que se expliquen os aspectos máis importantes e se aclaren os conceptos principais. Isto buscarase a través de explicacións teóricas do profesor/a, que serán intercaladas con breves preguntas ao grupo ou coa elaboración de mapas conceptuais, eixes cronolóxicos ou esquemas que reflictan as ideas máis importantes, evitando que o alumnado desenvolva un rol pasivo cara ao proceso de aprendizaxe e comece a desenvolver hábitos de estudo que lles sirvan para o resto da súa vida académica.
- Actividades de desenvolvemento: neste tipo de actividades o alumnado afondará na adquisición de contidos e competencias a través da aplicación práctica da teoría. Buscan a motivación dos alumnos e alumnas a través da súa participación activa, tanto de forma individual como en pequenos grupos de traballo. Algunhas das tipoloxías formuladas son: traballo con fontes, que melloran as capacidades do alumno en canto a procura, obtención e tratamento de información e permiten un achegamento ao método de traballo propio das Ciencias Sociais e o coñecemento do patrimonio histórico, cultural e artístico mundial; redacción de textos ou resumos a partir de conceptos clave ou textos complexos, respectivamente; elaboración de documentos expositivos que reflictan as ideas principais de diversos temas do currículo e que permiten ao alumno/a aplicar diferentes habilidades de pensamento e expresarse de forma creativa con soportes tanto analóxicos como dixitais; elaboración e exposición de traballos de investigación, por exemplo, a través da preparación grupal dunha parte dos contidos dunha UD e a súa posterior exposición oral ao resto do grupo.
- Actividades de consolidación: para reforzar as aprendizaxes adquiridas, utilizaranse actividades que levan a cabo prácticas de evocación e de traballo da memoria a longo prazo, especialmente para os coñecementos máis conceptuais.
- Actividades de conclusión: antes de finalizar cada UU.DD. realizarase unha actividade deste tipo, que perseguirá o obxectivo de fixar as aprendizaxes e establecer unha conexión entre o traballado na UD e os contidos que se desenvolverán nas seguintes UU.DD. Algunhas actividades deste grupo son a posta en común do aprendido, a discusión a partir dunha imaxe ou vídeo relacionado co tema ou a reflexión acerca do proceso de ensino-aprendizaxe levada a cabo durante a UD.
- Actividades de reforzo e ampliación: servirán para poder atender á diversidade inherente ao noso alumnado, segundo as necesidades observadas polo profesor/a. As actividades de reforzo irán destinadas a aqueles alumnos e alumnas con maiores dificultades de aprendizaxe e focalizaranse na consecución dos obxectivos mínimos, así como no desenvolvemento do rigor conceptual e no manexo de datos, destrezas e aptitudes imprescindibles na nosa materia. Consistirán na definición de termos esenciais da UD, a realización de mapas conceptuais ou eixes cronolóxicos ou na asociación de contidos. Estas actividades, por tanto, servirán non só para reforzar os contidos do currículo senón tamén para fomentar o desenvolvemento das principais competencias, a través da iniciativa persoal, a autonomía, a utilización da linguaxe científica ou a expresión escrita. Doutra banda, as actividades de ampliación están pensadas para aquel alumnado que presente maiores facilidades para a aprendizaxe. Neste caso, trátase de actividades máis complexas, que pretenden fomentar a súa motivación e o seu interese, e que viran arredor do afondamento de contidos a través de traballos de investigación, elaboración de documentos ou traballo con textos históricos.
- Actividades complementarias: as actividades complementarias son aquelas realizadas polos centros como complemento da actividade escolar dentro do horario de obrigada permanencia dos alumnos no mesmo e, ademais, teñen un carácter diferenciado polo espazo ou os recursos empregados.

### 4.2. Materiais e recursos didácticos

| Denominación |
|---|
| Presentacións dixitais |
| Recursos da biblioteca do centro |
| Libro de texto dixital |
| Diversos recursos didácticos relacionados co entorno |

Procuraremos diversificar os materiais pedagóxicos e os recursos didácticos, co emprego do libro de texto e os cadernos de traballo en cada UD, pero tamén co traballo con textos, vídeos, aplicacións multimedia, imaxes, xogos etc, e ofrecendo ao alumnado a posibilidade de elixir a mellor forma de expoñer os coñecementos adquiridos nalgunhas actividades

### 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Teremos dous tipos de avaliación inicial. Por unha banda, a que se realizará na primeira sesión do curso, e que ten como obxectivo que o profesor/a coñeza o punto de partida do grupo, non tanto en relación cos seus coñecementos previos como co desenvolvemento de competencias e habilidades esenciais na materia de Xeografía e Historia. Doutra banda, a avaliación inicial será tamén a toma de contacto previa ao comezo de cada UD, o que nos permitirá coñecer os distintos ritmos de aprendizaxe dos nosos alumnos e alumnas ou o seu grao de coñecementos previos. Tanto na primeira proba como nas de cada UD búscase detectar as necesidades previas, polo que en ningún caso influirán na cualificación da materia. Utilizaranse varias estratexias de avaliación neste primeiro estadio: a observación, directa e sistemática, que se presenta como a mellor vía para detectar as necesidades do noso alumnado, xa que permite percibir as súas condutas, facilidades ou carencias tanto actitudinais como procedimentais e conceptuais. O instrumento de avaliación utilizado neste caso será o caderno do profesor/a, no que se tomará nota, ademais, da participación na aula e as intervencións orais, fundamentais para detectar o desempeño das competencias clave. Realizaranse tamén breves reflexións iniciais, relacionadas cos obxectivos da UD, que nos ofrecerán unha primeira visión das necesidades dos nosos alumnos e alumnas e que utilizarán como instrumento o caderno do profesor/a, cando se trate de actividades orais, ou da revisión das producións do alumno, cando estas sexan escritas. Estas reflexións, comentarios ou opinións en grupo, irán tamén encamiñadas a ligar os contidos das diferentes UUDD, facendo énfases na relación que existe entre os contidos dunha UD e a seguinte.

### 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

**Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:**

| Unidade didáctica | UD 1 | UD 2 | UD 3 | UD 4 | UD 5 | UD 6 | UD 7 | UD 8 | UD 9 | UD 10 |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| **Peso UD/ Tipo Ins.** | **10** | **10** | **10** | **10** | **10** | **10** | **10** | **10** | **5** | **5** |
| **Proba escrita** | 60 | 60 | 60 | 60 | 60 | 60 | 60 | 60 | 60 | 60 |
| **Táboa de indicadores** | 40 | 40 | 40 | 40 | 40 | 40 | 40 | 40 | 40 | 40 |

| Unidade didáctica | UD 11 | UD 12 | Total |
|---|---|---|---|
| **Peso UD/ Tipo Ins.** | **5** | **5** | **100** |
| **Proba escrita** | 60 | 60 | **60** |
| **Táboa de indicadores** | 40 | 40 | **40** |

**Criterios de cualificación:**

CONCRECIÓN DOS PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN:
UD1:
- Procedemento 1: Valoración do traballo diario de aula realizado por parte do alumnado.
- Instrumento: Táboa de indicadores.
- Peso: 40%.

- Procedemento 2: Corrección da proba escrita.
- Instrumento: Proba escrita.
- Peso: 60%.

UD2:
- Procedemento 1: Valoración do traballo diario de aula realizado por parte do alumnado.
- Instrumento: Táboa de indicadores.
- Peso: 40%.

- Procedemento 2: Corrección da proba escrita.
- Instrumento: Proba escrita.
- Peso: 60%.

UD3:
- Procedemento 1: Valoración do traballo diario de aula realizado por parte do alumnado.
- Instrumento: Táboa de indicadores.
- Peso: 40%.

- Procedemento 2: Corrección da proba escrita.
- Instrumento: Proba escrita.
- Peso: 60%.

UD4:
- Procedemento 1: Valoración do traballo diario de aula realizado por parte do alumnado.
- Instrumento: Táboa de indicadores.
- Peso: 40%.

- Procedemento 2: Corrección da proba escrita.
- Instrumento: Proba escrita.
- Peso: 60%.

UD5:
- Procedemento 1: Valoración do traballo diario de aula realizado por parte do alumnado.
- Instrumento: Táboa de indicadores.
- Peso: 40%.

- Procedemento 2: Corrección da proba escrita.
- Instrumento: Proba escrita.
- Peso: 60%.

UD6:
- Procedemento 1: Valoración do traballo diario de aula realizado por parte do alumnado.
- Instrumento: Táboa de indicadores.
- Peso: 40%.

- Procedemento 2: Corrección da proba escrita.
- Instrumento: Proba escrita.
- Peso: 60%.

UD7:
- Procedemento 1: Valoración do traballo diario de aula realizado por parte do alumnado.
- Instrumento: Táboa de indicadores.
- Peso: 40%.

- Procedemento 2: Corrección da proba escrita.
- Instrumento: Proba escrita.
- Peso: 60%.

UD8:
- Procedemento 1: Valoración do traballo diario de aula realizado por parte do alumnado.
- Instrumento: Táboa de indicadores.
- Peso: 40%.

- Procedemento 2: Corrección da proba escrita.
- Instrumento: Proba escrita.
- Peso: 60%.

UD9:
- Procedemento 1: Valoración do traballo diario de aula realizado por parte do alumnado.
- Instrumento: Táboa de indicadores.
- Peso: 40%.

- Procedemento 2: Corrección da proba escrita.
- Instrumento: Proba escrita.
- Peso: 60%.

UD10:
- Procedemento 1: Valoración do traballo diario de aula realizado por parte do alumnado.
- Instrumento: Táboa de indicadores.
- Peso: 40%.

- Procedemento 2: Corrección da proba escrita.
- Instrumento: Proba escrita.
- Peso: 60%.

UD11:
- Procedemento 1: Valoración do traballo diario de aula realizado por parte do alumnado.
- Instrumento: Táboa de indicadores.
- Peso: 40%.

- Procedemento 2: Corrección da proba escrita.
- Instrumento: Proba escrita.
- Peso: 60%.

UD12:
- Procedemento 1: Valoración do traballo diario de aula realizado por parte do alumnado.
- Instrumento: Táboa de indicadores.
- Peso: 40%.

- Procedemento 2: Corrección da proba escrita.
- Instrumento: Proba escrita.
- Peso: 60%.

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN:
A cualificación de cada unha das 3 avaliacións do curso, virá dada pola media ponderada das cualificacións das unidades didácticas impartidas na avaliación. A ponderación establecerase en base aos pesos outorgados a cada unidade didáctica, os cales se poden ver no apartado 3.1 da programación. Así teríase o seguinte:

- Primeira Avaliación= (33,33 × NotaUD1 + 33,33 × NotaUD2 + 33,33 × NotaUD3)/100.
- Segunda Avaliación = (33,33 × NotaUD4 + 33,33 × NotaUD5 + 33,33 × NotaUD6)/100.
- Terceira Avaliación = (25 × NotaUD7 + 25 × NotaUD8 + 12,5 × NotaUD9+ 12,5 × NotaUD10+ 12,5 × NotaUD11+ 12,5 × NotaUD12)/100.

A cualificación final da materia virá dada pola media ponderada das cualificacións de cada unha das 3 avaliacións do curso. A ponderación establecerase en base aos pesos outorgados a cada unidade didáctica no apartado 3.1 da programación:

Avaliación Final Ordinaria= (30 × Nota_1ª aval + 30 × Nota_2ª aval + 40 × Nota_3ª aval)/100.

Tamén se pode calcular esta cualificación final en función dos pesos das distintas unidades didácticas, mediante a seguinte expresión matemática:

(10 × NotaUD1 + 10 × NotaUD2 + 10 × NotaUD3 + 10 × NotaUD4 + 10 × NotaUD5 + 10 × NotaUD6 + 10 × NotaUD7 + 10 × NotaUD8 + 5 × NotaUD9 + 5 × NotaUD10 + 5 × NotaUD11 + 5 × NotaUD12)/100.

No cálculo das cualificacións das distintas avaliacións, cando o resultado non sexa un número enteiro, redondearase ao enteiro superior, se a parte decimal é igual ou superior a 0,5, ou ao enteiro inferior se a parte decimal é menor de 0,5.

No caso de que exista algunha modificación na docencia das unidades que estaban programadas para algunha avaliación, deberá modificarse a maneira de calcular a cualificación da avaliación correspondente. Se ao rematar a terceira avaliación non se impartira algunha unidade ou algunhas unidades, entón repartiríase equitativamente o peso destas entre as unidades impartidas, e polo tanto, modificaríase a expresión matemática para o cálculo da cualificación final da materia segundo proceda.

**Criterios de recuperación:**

Durante o curso, o alumnado que teña suspensa algunha parte da materia, que lle impida obter unha cualificación mínima de un 5 na avaliación final ordinaria, realizará as correspondentes tarefas e probas de recuperación. Para a cualificación da avaliación final, unha vez realizadas as recuperacións oportunas, manteranse os mesmos pesos das unidades didácticas, indicados na programación, aplicando a mesma expresión matemática recollida nos criterios de cualificación.

## 5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

Neste curso non temos alumando que teña pendente a materia Xeografía e Historia de 1ESO.

## 6. Medidas de atención á diversidade

O tratamento da atención á diversidade realízase ao abeiro da Orde do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia en que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación. Estes definen a atención á diversidade como "o conxunto de medidas e accións deseñadas coa finalidade de adecuar a resposta educativa ás diferentes características, potencialidades, ritmos e preferencias de aprendizaxe, motivacións e intereses, e situacións sociais e culturais de todo o alumnado". Ademais, o preámbulo da LOMLOE, describe entre os principios e os fins da educación a inclusión educativa e a aplicación dos principios do deseño universal de aprendizaxe. Asemade, no art. 4 indícase que co fin de atender a diversidade das necesidades de todo o alumnado adoptaranse as medidas organizativas, metodolóxicas e curriculares pertinentes conforme os principios do deseño universal de aprendizaxe. Esta pasa por proporcionar ao alumnado múltiples medios de representación, de acción e expresión e de formas de implicación na información que se lle presenta.
En definitiva, a diversidade é unha realidade das nosas aulas e comprende a totalidade do noso alumnado, non só aquel con NEAE. Polo tanto, tomaremos medidas para mellorar o rendemento de todo o alumnado e para tentar responder ás distintas necesidades, inclinacións e estilos de aprendizaxe presentes na nosa aula. Evidentemente, todas estas medidas son adecuadas para os nosos alumnos con NEAE (en moitos casos foron deseñadas pensando neles), mais esténdese ao resto do grupo porque cremos que benefician a todo o alumnado.
No tocante á organización da actividade lectiva, tomaranse unha serie de medidas para facilitar a autonomía e organización do alumnado en xeral e do alumnado con NEAE en particular. Ao comezo de cada sesión, mentres os alumnos/as se preparan, o/a docente proxectará no encerado dixital unha diapositiva coas actividades que se van realizar durante a sesión, así como calquera recordatorio ao final da mesma, momento no que se comprobará que todo o alumnado, e especialmente aquel con NEAE, anote todo o preciso na súa axenda. Ademais, a medida que se avanza coas actividades, a diapositiva irá indicando o momento da sesión no que nos atopamos, co traballo feito e o traballo que queda por facer. Estas medidas, que estarán presentes en tódalas sesións, actúan como elemento rutinario e estruturador da actividade didáctica.
O material escrito estará redactado en tipoloxía Verdana tamaño 12 e cun interliñado de 1.5, con emprego frecuente de epígrafes e realzado de distinto tipo (negriña, subliñado, distinta cor), o que resultará útil para tódolos casos de NEAE, segundo os principios do DUA. Ademais, tódolos alumnos/as empregarán a fonte OpenDyslexic no seu navegador. Ademais, o material escrito está a miúdo acompañado por imaxes (mapas, fotografías, vídeos). Non só iso, senón que en moitas actividades, as imaxes son xa o elemento central, ou un dos elementos centrais, da tarefa a resolver.
As instrucións das actividades, tanto orais coma escritas, serán o máis concisas e claras posible. Nas actividades cun forte peso textual, sempre que procede, engadimos un exemplo por escrito. Os textos que empregaremos nas actividades van ser colgados con antelación na aula virtual. Intentamos manter un equilibrio entre as actividades cunha compoñente textual importante (ben de comprensión lectora ou expresión escrita) con actividades orais e ofrecer actividades en soporte dixital cando é posible. Do mesmo xeito, nalgunhas actividades ofrecemos máis dun canal de comunicación da información: auditiva e escrita ou audiovisual e escrita. Tentamos intercalar este tipo de actividades arredor de textos con outras onde predomine o elemento estético, creativo, lúdico ou afectivo.
Facilitamos a abordaxe de tarefas complexas, escritas ou orais, a través de: 1) a división de actividades en pasos 2) preguntas guía que poden empregarse como auto-instrucións 3) instrumentos de avaliación (rúbricas ou listas de cotexo) entregadas con antelación ao seu emprego por parte do/a docente. Ademais, sempre que sexa posible prevemos que o/a docente modele previamente a realización dos pasos a seguir. Por outra banda, moitas actividades están deseñadas de xeito que poidan multinivelarse en función das dificultades ou dos progresos individuais que observemos durante a súa realización, mentres que noutros casos deseñamos apoios (preguntas guía, glosario, momentos de titoría individual, actividades de reforzo) que poderán ser usados de ser necesarios.
O coñecemento de técnicas de estudo e de autoavaliación, fundamental para o conxunto do alumnado, é, se cabe, máis importante para os alumnos coa materia suspensa e para os casos con NEAE, dadas as súas dificultades de aprendizaxe, e poden resultar positivos tamén para o resto do alumnado polo xeito no que contribúen a estruturar o coñecemento e organizar a aprendizaxe.
En practicamente tódalas UUDD o único traballo que o alumnado terá que realizar de xeito autónomo na casa é o estudo de cara ás probas, protexendo así ao alumando que estea en situación declarada de vulnerabilidade socioeducativa.

No presente curso, temos dous casos que presentan TDAH, polo que seguindo as recomendacións contidas no Protocolo de consenso sobre TDAH na infancia e na adolescencia nos ámbitos educativo e sanitario (2014), as

medidas de atención para este alumno centraranse na localización da súa mesa preto do profesor/a, a supervisión da organización diaria e da utilización da axenda, o emprego de apoios visuais nas explicacións orais e a segmentación en fases das actividades máis longas. Por outra banda, adaptaranse tamén as probas escritas, acurtando as preguntas, utilizando unha linguaxe sinxela e flexibilizando os tempos. Se é necesario, daránselle as preguntas de unha en unha, negociando os tempos previamente. O profesor/a pedirá sempre que revise certos aspectos dos exames e os traballos antes da entrega.

### 7.1. Concreción dos elementos transversais

| | UD 1 | UD 2 | UD 3 | UD 4 | UD 5 | UD 6 | UD 7 | UD 8 |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| ET.1 - Comprensión lectora | X | X | X | X | X | X | X | X |
| ET.2 - Expresión oral e escrita | X | X | X | X | X | X | X | X |
| ET.3 - Comunicación audiovisual | X | X | X | X | X | X | X | X |
| ET.4 - Competencia dixital | X | X | X | X | X | X | X | X |
| ET.5 - Emprendemento social e empresarial | | | | X | | | | |
| ET.6 - Fomento do espíritu crítico e científico | X | X | X | X | X | X | X | X |
| ET.7 - Educación emocional, para a saúde e afectivo-sexual | | | | | | | | X |
| ET.8 - Educación en valores | X | X | X | X | X | X | X | X |
| ET.9 - Igualdade de xénero | X | X | X | X | X | X | X | X |
| ET.10 - Creatividade | X | X | X | X | X | X | X | X |
| ET.11 - Formación estética | | X | X | | | | | X |
| ET.12 - Concienciación e formación sobre o cambio climático | | X | X | X | | | | |
| ET.13 - Educación para a sostenibilidade e o consumo responsable | | X | X | X | | | | |
| ET.14 - Prevención e resolución pacífica de conflitos | | X | X | X | | | | |
| ET.15 - Democracia, paz, rexeitamento da violencia e dereitos humanos | | X | X | X | | | | |

| | UD 9 | UD 10 | UD 11 | UD 12 |
|---|---|---|---|---|
| ET.1 - Comprensión lectora | X | X | X | X |
| ET.2 - Expresión oral e escrita | X | X | X | X |
| ET.3 - Comunicación audiovisual | X | X | X | X |
| ET.4 - Competencia dixital | X | X | X | X |
| ET.5 - Emprendemento social e empresarial | X | | | |
| ET.6 - Fomento do espíritu crítico e científico | X | X | X | X |
| ET.7 - Educación emocional, para a saúde e afectivo-sexual | X | | | |
| ET.8 - Educación en valores | X | X | X | X |
| ET.9 - Igualdade de xénero | X | X | X | X |
| ET.10 - Creatividade | X | X | X | X |
| ET.11 - Formación estética | | | | |
| ET.12 - Concienciación e formación sobre o cambio climático | X | | | |
| ET.13 - Educación para a sostenibilidade e o consumo responsable | X | | | |
| ET.14 - Prevención e resolución pacífica de conflitos | X | | | |
| ET.15 - Democracia, paz, rexeitamento da violencia e dereitos humanos | X | | | |

### 7.2. Actividades complementarias

| Actividade | Descrición | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|---|---|---|---|---|
| Visita ao castro de Viladonga (Castro de Rei, Lugo) | Propoñemos unha visita a este xacemento para consolidar os coñecementos sobre a época castrexa e romana e aumentar a motivación no alumnado | | | X |

### 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

| Indicadores de logro |
|---|
| Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico |
| Favorecín que o alumnado adquirise actitudes críticas e  comprometidas |
| As miñas explicacións foron claras e resaltei debidamente os  contidos máis importantes |
| Empreguei distintos procedementos e instrumentos de avaliación |
| Dei un peso real á observación do traballo na aula |
| Valorei adecuadamente o traballo colaborativo do alumnado  dentro do grupo |
| Metodoloxía empregada |
| O nivel de dificultade foi adecuado ás características do alumnado |
| Conseguín crear un conflito cognitivo que favoreceu a  aprendizaxe |
| Conseguín motivar para lograr a actividade intelectual do  alumnado |
| Logrei a aprendizaxe significativa das alumnas/os |
| Fomentei as aprendizaxes experienciais |
| As miñas explicacións foron suficientemente amenas |
| Favorecín o desenvolvemento das capacidades intelectuais e  sociais das alumnas/os |
| Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos |
| Beneficiei a flexibilidade |
| Adoptei as medidas organizativas adecuadas para atender ao  alumnado con NEAE |
| Medidas de atención á diversidade |
| Atendín adecuadamente á diversidade do alumnado |
| Clima de traballo na aula |
| Conseguín a participación activa de todo o alumnado |
| Acadei que as alumnos/os aprenderan as unhas das outras |
| Axudei a descubrir a utilidade e funcionalidade do estudado |
| Axudei a desenvolver a autoestima, a motivación intrínseca, a  satisfacción persoal e a empatía do alumnado |

| Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais |
|---|
| Contei co apoio e coa implicación das familias no traballo do alumnado |
| Mantiven (ou intentei manter) un contacto periódico coas familias das alumnas/os |

**Descrición:**

Para unha práctica educativa satisfactoria cómpre estipular mecanismos de control e seguimento da nosa PD. Segundo o indicado no Decreto 156/2022 no referido á avaliación do proceso de ensino e a práctica docente, esta será levada a cabo mediante unha serie de mecanismos. Ademais dunha análise diaria do noso proceso de ensinanza, o/a docente realizará un seguimento a través da observación, anotando no seu caderno aquelas cuestións que considere relevantes, e cubrirá unha táboa de reflexión docente. Ao finalizar o curso, entregaralle ás alumnas/os un cuestionario sobre o proceso de ensino e a práctica docente, que estas cubrirán de forma anónima.

## 8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Para unha práctica educativa satisfactoria cómpre estipular mecanismos de control e seguimento da nosa PD. Segundo o indicado no Decreto 156/2022 no referido á avaliación do proceso de ensino e a práctica docente, esta será levada a cabo mediante unha serie de mecanismos. Ademais dunha análise diaria do noso proceso de ensinanza, o/a docente realizará un seguimento a través da observación, anotando no seu caderno aquelas cuestións que considere relevantes, e cubrirá unha táboa de reflexión docente. Ao finalizar o curso, entregaralle ás alumnas/os un cuestionario sobre o proceso de ensino e a práctica docente, que estas cubrirán de forma anónima.

As propostas de mellora serán tidas en conta e incorporadas no proceso de revisión e modificación da PD.

## 9. Outros apartados